

OS OBXECTIVOS DO GRUPO DE ESTUDOS DE XÉNERO, ACTIVIDADE FÍSICA E DEPORTE (GEXAFD)

Este grupo naceu no mes de Novembro de 2009 froito das inquietudes dalgúns docentes da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física.

Persigue un carácter multidisciplinar encamiñado á formación, investigación e difusión dos estudos de xénero para contribuír á igualdade de oportunidades e o recoñecemento social das mulleres en xeral e no ámbito do deporte.

Como obxectivos xerais, se planifican os seguintes:

- Contribuír á construción dun coñecemento non androcéntrico, plural e democrático no ámbito das Ciencias da Actividade Física e do Deporte. Neste sentido pretende que na formación e nas investigacións se inclúan as realidades masculina e feminina como diferenciadas e que non se contemple só unha delas, a masculina. É dicir, que cando se fala de fisioloxía se explique a do home e a da muller posto que dende a fisioloxía masculina non se pode entender nin explicar nin entrenar as mulleres.

- Visibilizar as mulleres na historia e na actualidade da actividade física e do deporte. O mundo do deporte parece ser só masculino.

- Concienciar sobre a necesidade de acadar a igualdade de oportunidades para homes e mulleres, posto que aínda non é un logro. Entender esta como unha reivindicación de dereitos humanos.

Como obxectivos máis específicos, dentro da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física se concretan:

- Desenvolver investigacións sobre xénero, a actividade física e o deporte:

- A nivel da Comunidade Autónoma Galega: para coñecer a realidade xeral.

- Na propia Facultade, para que os resultados sirvan de retroalimentación para mellorar os métodos educativos, o ideario do centro e acadar profesionais máis formados.

- Organizar ciclos de conferencias de xénero anuais para introducir estes temas nas diferentes asignaturas do Grao e facilitar que esta perspectiva a incorporen os diferentes profesores de xeito progresivo.

- Favorecer a formación dos alumnos e dos profesores en temas de xénero.

- Comprender a importancia de considerar o xénero na formación.

- Concienciar sobre a existencia de dúas realidades diferenciadas.
- Comprender que o xénero determina percepcións diferentes sobre o deporte.
- Aprender a recoñecer e identificar situacións de machismo e sexismo: que prexudican tanto os homes como as mulleres.
- Formar profesionais cualificados en estes temas.
- Diseñar unha “Guía de Boas Prácticas non sexistas” que permita a súa aplicación na Facultade e noutros contextos educativos e profesionais.
- Potenciar o contacto e a colaboración con diferentes organismos e institucións internacionais, universitarios, deportivos, etc. para ampliar a formación, o intercambio de profesores e investigadores e favorecer proxectos en común.

Grupo de Estudos de Xénero, Actividade Física e Deporte
GEXAFD